

SEMINARIO

“A vida cotiá das familias con emigrantes a través da súa comunicación epistolar: emocións, conflitos e intereses”



DOCENTE: RAÚL SOUTELO VÁZQUEZ

DATAS: 27 de febreiro e 6 de marzo de 2025.

HORARIO: de 10.30 a 12.30

LUGAR: Por determinar

Prezo da matrícula:

- Alumnado do Diploma Senior IV Ciclo: **20 €**
- Externos ao programa: **23,53 €** + 20,69 Seguro de accidentes (O seguro de accidentes abonarase unha vez por curso académico)

Prazo de matrícula: Desde o 9 de xaneiro ata o 12 de febreiro de 2025.

A matrícula realizarase chamando ao teléfono 881 814 588 ou ben a través da secretaría virtual no seguinte enlace.

<https://sec-virtual.usc.es/Actividades/Matricula/SeleccionaActividade.asp?IIdActividad=14321>

O mínimo de estudantes matriculados/as para poder impartirse este seminario será de 15.

INTRODUCCIÓN

Descríbase a importancia dos epistolarios das familias galegas con emigrantes como fonte documental para coñecer os proxectos, as experiencias e as emocións que marcaron a vida cotiá que desenvolveron esas persoas entre as localidades de orixe e as cidades ás que marcharon.

OBXECTIVOS

- 1º. Achegar as fontes e métodos da historia social e cultural ás persoas asistentes.
- 2º. Por en valor a documentación que forma a memoria familiar da emigración.
- 3º. Dialogar sobre as novas tendencias da investigación en historia, nomeadamente as relacións entre mulleres, emocións e migracións partindo da análise de casos concretos.

CONTIDOS BÁSICOS

Introdución: as series epistolares das familias con emigrantes como documento histórico.

1. A xestión da comunicación epistolar nas familias con emigrantes: competencia lectoescritora e no uso do correo postal, conservación selectiva das cartas e mediación de 3ª persoas.
2. As achegas das series epistolares aos estudos sobre as migracións.
3. A importancia da comunicación epistolar nas vidas das familias con membros emigrados.
 - 3.1. As decisións sobre a xestión da casa e o capital simbólico da familia.
 - 3.2. O empoderamento das mulleres casadas cos maridos ausentes: mitos e realidades comprobadas coa análise da comunicación epistolar entre eles.
 - 3.3. O coidado dos pais anciáns: a demanda do retorno dos fillos emigrados.

- 3.4. Informar dos cambios no espazo social de orixe: nacementos, vodas, pasamentos... e controlar as mulleres da casa a través do diálogo epistolar.
- 3.5. A comparación entre as oportunidades para mellorar as condicións de vida da sociedade de orixe nos potenciais destinos migratorios dos galegos.
- 3.6. O envío de remesas: diñeiro, fotos e outros agasallos para manter a relación familiar.
- 3.7. Os conflitos pola herdanza familiar a través das cartas cos emigrados.
4. A vida cotiá das persoas emigradas e as relacións coa familia a través da súa produción epistolar.
 - 4.1. Axuda das redes sociais para emigrar e integrarse no período de axuste posterior á chegada.
 - 4.2. A formación da identidade individual e colectiva das persoas emigradas nas sociedades americanas a través da súa relación epistolar cos familiares da casa.
 - 4.3. A descrición das condicións laborais e de vida dos emigrantes na súa produción epistolar.
5. A xestión das emocións e dos sentimentos nas familias con emigrantes grazas á comunicación epistolar.

METODOLOXÍA

Expositiva e dialogada con apoio dun vídeo introdutorio, dunha presentación dixital e de parágrafos seleccionados de cartas escritas por emigrantes galegos ás súas familias ou por estas a aqueles.

BIBLIOGRAFÍA:

CERDEIRA LOURO, X., 2010, Proceso migratorio e sociedades de emigrantes en Vedra, Deputación da Coruña.

DA ORDEN, M^a.L., 2010, Una familia gallega y un océano de por medio. La emigración gallega a la Argentina: una historia a través de la memoria epistolar, Barcelona, Editorial Antrhopos.

LIÑARES Giraut, X.A., coord., 2009, El protagonismo de la mujer en las corrientes migratorias españolas, Vigo, Grupo España Exterior.

MARTÍNEZ MARTÍN, L., 2019, Voces de la ausencia. Las cartas privadas de los emigrantes asturianos a América (1856-1936), eds. Trea, Gijón. [bo exemplo do que están facendo os colegas da Red AIEP co Museo del Pueblo de Asturias de Xixón]

NÚÑEZ SEIXAS, X.M. e SOUTELO VÁZQUEZ, R., 2004, As cartas do destino. Unha familia galega entre dous mundos (1919-1971), Vigo, Deputación de A Coruña-Editorial Galaxia.

- e GONZÁLEZ LOPO, D., coords., 2011, Amarras de tinta: emigración trasoceánica e escrita popular na Península Ibérica, séculos XIX-XX, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, disponible en línea en https://consellodacultura.gal/mediateca/extras/CCG_2011_Amarras-de-tinta-Emigracion-transoceanica-e-escrita-popular-na-Peninsula-Iberica-seculos-XIX-XX.pdf.

SOUTELO VÁZQUEZ, R., 2017, Entre Ourense e América. A emigración nos proxectos de vida de diferentes tipos de familias na Galicia rural (1880-1960), Deputación de Ourense.

VÁZQUEZ GONZÁLEZ, 2015, Emigrantes galegos, transportes e remesas (1830-1930), Colección Galicia Exterior, Consello da Cultura Galega-Fundación Barrié.

VÁZQUEZ LOJO, M^a X. e SOUTELO VÁZQUEZ, R., 2017, Emprendedores rexos en tempos duros: a integración dos galegos en Venezuela e no Brasil durante o século XX, Deputación de Ourense.



VICERREITORÍA ESTUDANTES E CULTURA
Programa Universitario de Maiores,
IV Ciclo
UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA
Pavillón estudiantil (Campus Vida)
15782 Santiago de Compostela
Teléfono: 881 814 588
Correo electrónico: ivciclo@usc.es
Enderezo web: <http://www.usc.es/ivciclo>

- 2019, Salceda de Caselas nos tempos da emigración a América: evolución da poboación, a economía e as dinámicas sociopolíticas locais (1880-1960). Deputación de Pontevedra.